

CONVOCATORIA E INSTRUCCIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROCESO DE CONCURSO ESPECÍFICO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE XEFATURAS DE NEGOCIADO (C1/20)

1. Obxecto da segunda fase

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria do concurso específico para a provisión de postos de traballo de xefaturas de negociado (C1/20), nesta segunda fase as persoas aspirantes que concorran aos postos convocados deberán presentar e defender unha memoria técnica por cada posto de traballo ao que opten.

2. Persoas convocadas

Convócanse as seguintes persoas aspirantes que concorren aos seguintes postos de traballo para a presentación e posterior exposición e defensa pública da memoria técnica:

01.03.01.00 - Negociado de Estatística, Padrón e Certificacións. Os/as aspirantes convocados son:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	COUSILLAS GONZÁLEZ	ALEJANDRO	***3152**
2	IGLESIAS BANIELA	MARÍA ROCÍO	***2923**
3	RECAREI AÑÓN	VÍTOR	***3140**

01.05.01.00 - Negociado de Contratación e Patrimonio. Os/as aspirantes convocados son:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BELLO VARELA	VIRGINIA	***6721**
2	RECAREI AÑÓN	VÍTOR	***3140**

03.02.02.01 - Xefatura do Negociado de Xestión Económica e Contable. Os/as aspirantes convocados son:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ÁLVAREZ RAPOSO	REBECA	***1022**
2	COUSILLAS GONZÁLEZ	ALEJANDRO	***3152**
3	RECAREI AÑÓN	VÍTOR	***3140**

3. Data e hora da convocatoria

A presentación, exposición e defensa das memorias terá lugar o xoves, 01/10/2026, ás 09:30 horas, na Sala de Xuntas do Concello de Carballo.

4. Entrega da memoria técnica

As persoas convocadas deberán entregar a memoria técnica á Comisión de Valoración o día da convocatoria, con carácter previo ao inicio da exposición e defensa.

Deberá presentarse unha memoria por cada posto de traballo ao que se opte, nos termos establecidos nas bases da convocatoria.

5. Requisitos da memoria

A memoria técnica deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Ter unha extensión mínima de cinco (5) follas e máxima de vinte (20) follas.
- Formato DIN A4.
- Redacción por unha soa cara.
- Páxinas numeradas.
- Tipo de letra Verdana, tamaño 10 pt.
- Interliñado sinxelo.
- Deberá estar asinada pola persoa aspirante.
- Deberán figurar os apelidos e nome da persoa que concursa.
- Deberá identificarse o código e a denominación do posto de traballo ao que se refire a memoria.

Non serán obxecto de valoración as memorias que incumpran os parámetros establecidos nas bases para a súa confección.

6. Exposición e defensa da memoria

A Comisión de Valoración analizará a memoria durante o período de tempo necesario con carácter previo á súa exposición e defensa pola persoa aspirante.

A defensa da memoria realizarase nun acto público e único para todas as persoas aspirantes ao mesmo posto, ante a Comisión de Valoración correspondente.

Cada persoa aspirante disporá dun tempo máximo de vinte (20) minutos para a exposición e defensa oral da memoria.

7. Chamamento e desenvolvemento do acto

As persoas aspirantes serán chamadas para a realización da exposición e defensa da memoria de acordo coas indicacións da Comisión de Valoración.

Carballo, asinado dixitalmente

Marina Núñez Orjales

Secretaria da comisión